

Manuel Baraja, un ornitólogo preocupado pola conservación da Natureza.

Xosé A. Fraga Vázquez

A atención ao medio ambiente singularízase pola súa modernidade, por acadar unha grande audiencia nas últimas décadas. Sen embargo, o medio natural foi obxecto de estudo, observación e diversas consideracións ao longo da historia. Dentro das distintas concepcións da época, coa súa linguaxe e mentalidade, sempre houbo algunhas persoas preocupadas pola conservación do medio, por unha relación equilibrada dos seres humanos e o seu entorno, pola explotación racional e reparto xusto dos recursos. Coidamos de interese reparar nestes antecedentes na Galiza; empezaremos referíndonos ao caso do médico Manuel Baraja.

Manuel Baraja Fernández naceu en 1851 na vila mariñeira de Laxe, na que o pai era médico. Licenciouse en Medicina o 1 de xuño de 1873 e acadou o doutorado en Madrid, o 17 de xuño de 1880. Como facían moitos licenciados da época, na busca dunha saída profesional fixo oposición á praza de Médico de Sanidade militar, que obtivo o 3 de novembro de 1873. Xubilouse o 30 de novembro de 1915; nesa longa estancia no Exército ocupou diversos cargos, participou na guerra cos carlistas e residiu, entre outros lugares, en Ferrol, Ourense e Vigo; na cidade olívica permaneceu 16 anos e foi director do Hospital militar.

O achádego do interesante libro de Baraja, *Aves insectívoras y su beneficio para la Agricultura* (BARAJA, 1887), permitiunos acceder a un autor que tiña pasado bastante desapercibido até ese momento (FRAGA VAZQUEZ, 1991). O libro foi premiado *por unanimidad* no *Certame científico y literario* celebrado en Ourense o 10 de Setembro de 1887 co gallo da erección da estatua a Feixóo.

A Ornitología, estudo científico das Aves, acadara na segunda metade do século XIX un importante auxe. Unha boa mostra disto pode atoparse no Primeiro Congreso Ornitolóxico Internacional, celebrado en Viena en 1884, acto inscrito no proceso de institucionalización científica característica desa época. Como vimos de por de manifesto, na Galiza do século XIX a Ornitología foi unha actividade científica relevante no contexto peninsular, salientando autores como José Alonso López y Noval, Francisco Rios Naceyro e, sobretudo, o labor de Vitor López Seoane (FRAGA VAZQUEZ, 1992); neste contexto inscribíase a obra de Baraja.

Cómpre dicir, como o próprio autor sinala, que o libro comentado ten un claro enfoque práctico, pero sen carecer duns contidos científicos rigorosos:

... puede ser considerado desde un doble punto de vista como puramente agrícola, pues tiene por fin el mejoramiento de la Agricultura, y como estudio zoológico, por tratarse del conocimiento de las aves útiles e indirectamente del de los insectos que a las plantas perjudican,...(BARAJA, 1887:5-6).

Baraja, apesar do seu carácter de naturalista afeizoado situase, en certos aspectos, no ámbito dos especialistas modernos da época; a descripción das Aves Insectívoras da rexión Cantábrica, basicamente Galicia, está precedida dunha clara exposición de como eses

autores contemplaban aos seres vivos desde unha perspectiva darwinista. Sinala unhas noventa especies, das que vai comentando, ademais do nome científico, o vulgar, xeito de vida, alimentación e outros detalles, dando a impresión de posuír un importante coñecemento empírico do tema. O tratamento das Aves é, en xeral, acertado, segundo os coñecementos da época. Tamén fai referencia aos Insectos, especialmente aos relacionados coa Agricultura, indicando algunhas das súas características xerais, sobretudo no relativo á agricultura e danos causados.

Mais, se a aportación ornitolóxica e filosófico-científica do texto son importantes, o libro merece a nosa atención nesta ocasión polos interesantes comentários do autor sobre a conservación do medio ambiente e a avifauna. Coas súas posicións conservacionistas, Baraja sintoniza coa preocupación dos especialistas máis atentos do momento; o antedito Congreso de Ornitología de Viena viña de aprobar unhas intrucións para instar aos gobernos europeos nese sentido, cuestión que pasaba pola veda e control da caza.

Vexamos, xa que logo, algúns detalles. O capítulo IV, *Beneficios de las Aves* é de especial interese para o tema que nos ocupa. Salienta Baraja o positivo papel das Aves insectívoras, librándonos de abundantes Insectos perxudiciais. Relaciona esta cuestión coa necesaria protección das Aves; repasa diversas disposicións legais do Estado Español, se ben se amosa escéptico coa eficacia e posta

Coas súas posicións conservacionistas, Baraja sintoniza coa preocupación dos especialistas máis atentos do momento. Non se lle escapa a este observador o nefasto papel que para a conservación da avifauna supón a incesante caza.

en práctica desas normas, cuestión que segue a ter actualidade. A preocupación pola perservación das Aves lévalle a incidir na necesaria conservación do seu medio natural, dos bosques, laiándose da súa progresiva desfeita. Non se lle escapa a este observador o nefasto papel que para a conservación da avifauna supón a *incesante caza*.

No seu intento por convencer da conservación, expón as especies de maior interese e propón métodos de propaganda; así, coida oportuna a iniciativa francesa de expoñer

cadros ou anuncios indicando os beneficios de animais inxustamente perseguidos, se ben (...) *nada de esto puede esperarse en España, porque los gobernantes se ocupan poco de asuntos agrícolas y económicos, como no sea especulativamente* (BARAJA, 1887: 94-95).

Os seus consellos, dentro da linguaxe da época, amósanse bastante axeitados:

Debemos, por lo tanto, amar y defender la Aves, explicando a todos la importancia de sus servicios; los Gobiernos deben dictar leyes en favor de ellas, los municipios dar a conocer sus ventajas, los parti-



PEPE SALVADORES

culares protegerlas llevando el convencimiento de sus beneficios a todos los ánimos y los padres infundir en las nuevas generaciones el respeto a tan fieles protectores de la Agricultura (BARAJA, 1887: 100).

No último capítulo trata sobre a *Influencia de las Aves y los insectos en la Agricultura Regional*. Nos seus diversos comentários fai mención á conservación dos bosques, que relaciona coa da fauna e a do clima e como meio contra a erosión; anima a plantar setos

vivos como xeito de delimitar as fincas. O interese polas árbores contén a matización de que para repovoación destes (...) *debe estudiarse la especie arbórea conveniente...*

O libro remata cun párrafo que resume a visión de Baraja. Nel podemos ollar como na preocupación do noso autor pola conservación está presente un elemento *práctico*, o benestar das persoas que vivían da agricultura, a mellora da súa produción e condicións de vida, cuestións que coída compatíbeis e complementárias:

Conservar, pues, todas las Aves indígenas, persiguiendo solo algunas cuya utilidad actual es dudosa; respetar los Mamíferos y Reptiles insectívoros, que, cada uno en su medio natural, benefician al agricultor; aprender a diferenciar los Insectos fitófagos, que deben perseguirse, de los carnívoros, que son muy útiles al hombre y de los que tienen aplicación directa a las artes o a la industria, es lo que se impone a todos, como resultado de cuanto hemos dicho, así los rendimientos de la tierra, hoy tan aleatorios, serían más seguros y mejores, y la pavorosa crisis agrícola, que amenaza arruinar nuestras mejores producciones, tendría un factor menos que agregar a tantos otros, que la incuria, la ignorancia y la falta de previsión de nuestros hombres políticos sostiene. (BARAJA, 1887: 114).

Nunha valoración global, diremos, que o libro de Baraja, sen ser unha obra totalmente orixinal, é singular; nela hai erudición tradicional, pero, tamén, datos directos e un enfoque moderno, tanto nas concepcións, como na sensibilidade do autor. Salienta a vixencia que aínda poden ter hoxe algunhas das súas ideas ambientalistas; nesa liña situamos a preocupación pola desfeita do meio, a defensa do equilibrio natural e dalguns criterios para a conservación, como o interese pola variabilidade biolóxica, de hábitats e a consideración do uso produtivo na análise e alternativa da problemática medioambiental.

BIBLIOGRAFIA

BARAJA, M. (1887). **Aves insectívoras y su beneficio para la Agricultura**. Ourense, Impr. El Eco de Orense, 115 pp.

FRAGA VAZQUEZ, X.A. (1991). Introducción á Ornitoloxía na Galiza do século XIX. Descripción e análise dun brillante período. **Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía**: 231-247. Santiago, Universidade de Santiago; (en prensa).

FRAGA VAZQUEZ, X.A. (1992). **Bioloxía na Galiza na segunda metade do século XIX (1868-1903): ensino, divulgación, debates, produción, institucionalización e recepción de novidades**. Facultade de Bioloxía, Universidade de Santiago. Tese de doutoramento inédita.